

MANIFESTO CÍRCULO DE SILENCIO 3/3/2022

Estamos en contra de todas as guerras. Son unha traxedia e un retroceso da civilización. Non hai nada que xustifique as vítimas mortais e o cruel sufrimento dos superviventes. Os seus devastadores efectos desestruturan as sociedades moito máis aló do conflito bélico.

Estamos a favor dunha cultura de paz que teña como centro a seguridade humana, as persoas e a vida, e que aposte pola convivencia dos pobos. Por iso denunciaremos a agresión do estado ruso ao estado soberano de Ucraína e solidarizámonos na distancia con todas e cada unha das vítimas humanas deste novo episodio militarista.

Atopámonos ante un conflito que nos preocupa especialmente pola participación no mesmo das principais potencias bélicas do planeta, incluídas as que se atopan en posesión de arsenais nucleares. Sabemos ben que son as persoas máis vulnerables duns e doutros lugares as que sofren con maior cruexa as consecuencias de ditos enfrontamentos entre poderes políticos e económicos: en forma de vítimas directas da guerra, como desprazadas, ou como persoas afectadas por unha sobrevida pobreza material, enerxética, climática, habitacional...

O conflito ucraíno está recibindo estes días unha grande atención mediática, pero este foco informativo non debe facernos esquecer que no mundo hai moitos outros episodios bélicos igualmente cruentos, con consecuencias máis destrutivas nalgúns casos e tamén fóra do que chaman «legalidade internacional»... Pensamos en Siria, Yemen, Etiopía ou en outro países de África ou Asia. E non esquecemos a perenne violación dos acordos internacionais que o estado de Israel e o reino de Marrocos perpetran desde fai décadas co pobo palestino e co saharauí.

É por todo iso que cabe delatar aínda con máis forza ao militarismo como ferramenta para construír e perpetuar unha orde mundial eminentemente inxusta que, como podemos comprobar, en última instancia, sostense baixo a lei de quen ten maior capacidade destrutiva. Por iso debemos dicir **non á guerra, non a cultura militar, non aos exércitos e ás súas alianzas, non ao armamentismo como negocio, non ao dereito do máis forte.**

Do mesmo xeito, solidarizámonos con todas as vítimas do terror desta guerra, e **pedimos, rogamos, esiximos, a fin de toda acción bélica e a regulación de calquera conflito** que puidese darse a través de medios exclusivamente pacíficos, humanos e respectuosos coas persoas, as culturas e as diferentes sociedades.

**Por un mundo con máis xustiza e humanidade. Non no noso nome.
Non a ningunha guerra. Si á PAZ.**